

ANIMACIÓN DO RURAL E “EDUCACIÓN NO FOGAR” NO TEMPO DA DESERTIZACIÓN

Animation of the rural and "Education at home" at the time of desertification.

Alicia González Barreiro

Mestra en Ciencias da Educación –Animación Sociocultural (UTAD)

Premio en Ciencia Sociais e Humanas 2015 (UTAD)

RESUMO.-

Ollando cara un desenvolvemento humano, observamos que a transmisión de cultura e formación é algo que se realiza de xeito habitual de xeración en xeración e nun primeiro intre por aqueles que mais preto se ten, a familia, nais e pais que son os primeiros mestres/as da cultura iniciática na vida.

Pode que a escolarización formal teña sido o transmisor de formación, ou que a educación obrigatoria fose fundamental para o desenvolvemento da poboación dun país analfabeto e coan espazo para a modernidade, pero no momento que se vive na actualidade, figuras como a de John Holt fundador da educación no fogar, coñecedor dos movementos e teoría da Desescolarización, poden concordar coas circunstancias historias e temporais actuais, dando unha nova visión a educación e dando un novo prantexamento o territorio.

PALABRAS CLAVE:

Desescolarización, Educación, Ensinanza, Escola, Cativos/as, Animación e Dinamización Rural, Educación autónoma ou no Fogar.

Animación do rural e “educación no fogar” no tempo da desertización.

Copyleft: Alicia González Barreiro

ABSTRACT.

Looking toward a human development, we note that the transmission of culture and education is something that is done routinely from generation to generation and a first moment by those who will have closer to family, parents are the first teachers / the initiation of culture in life.

You can have formal schooling has been the transmitter training, or that compulsory education was fundamental to the development of a country's population illiterate and strained room for modernity, but in the moment we live today, figures like John Holt founder education in the home, aware of the movements and theory of unschooling, can agree with the circumstances existing stories and temporary, providing a new approach to education and giving a new prantexamento territory.

KEYWORDS:

unschooling , Education , Teaching , School , Captives / as, animation and Rural Revitalization , Education or unattended at home .

1. TEMA

A escola está a sufrir cambios a través de políticas descoñecedoras e críticas pola inadaptación os tempos e circunstancias que nos inflúen.

Os movementos sociais actuais o igual que os xurdidos nos anos sesenta do século pasado, buscan un cambio en todos os ámbitos, que pode influír tamén nun cambio de paradigma en canto a educación, ou que este sendo por outro lado, algo vello e xa escrito no século XX, o que mostre un posible cambio.

A desescolarización para evitar a frialdade e carencia da escola actual dividida en aulas, compartimentada e quizas obsoleta, nunha sociedade que non se move o mesmo ritmo, e que resulte unha posible saída a aquelas familias que queren voltar ou non queren saír de espazos que os acercan ó primario, á terra, o rural como recurso e animación de espazos.

A escola actual é para moitos unha gardería ou unha obriga para familias e cativos/as, que perden o seu nexo de unión antes de tempo, un desapego forzado en casos a familias e pequenos/as; sendo a escola obrigatoria un esquecemento da educación obrigatoria.

As experiencias de “Desescolarización” do século XX dan unha visión do posible, que se olla en

Animación do rural e “educación no fogar” no tempo da desertización.

Copyleft: Alicia González Barreiro

proxectos levados a cabo e que teñen resultados positivos en espazos rurais, que negan en parte, todo o que como traba se lle pon dende as administracións e poderes políticos.

A escola está obsoleta en moitas visións, é illante, é cárcere de mentes; medida por rateos, avaliacións e tempos coartados en asignaturas. Que da unha visión lonxana da realidade do que debe ser a educación, a animación e a transmisión de cultura, que cubra as necesidades, as expresións e as iniciativas dos cativos/as. Un espazo que moitos mestres/as sofren como simples transmisores de temas e programas, espazos que non teñen que ver co que debe ser a educación que forme e fai perder nos cativos/as esa parte de imaxinación que pecha mentes e que pide e solicita as aprendizaxes.

Dende os anos oitenta do século século XX, comprobamos coas distintas reformas escolares que muda a nosa lexislación española en educación (LGE; LOGSE; LOCE;LOE, LOMCE....), podémonos preguntar si eses cambios son bos ou método de Holt, coa súa “formación no fogar” ou a desescolarización, non pode ser unha saída á creación de individuos racionais, hexemónicos e democráticos.

Que o protagonismo sexa da familia e á comunidade na formación dos cativos/as, concordando co tempo actual, no que a tecnoloxía facilita e pode ser unha realidade que revitalice espazos esquecidos, onde a habitabilidade é posible, evitando unha maior desertización é o aloxamento da formación para un futuro das novas xeracións; sendo a propia poboación dinamizadores-educadores como ponte de unión entre familias e apoio dos proxenitores.

2.-EDUCAR E ENSINAR.

Pensemos que unha cousa é educar e outra distinta é ensinar. Etimoloxicamente a palabra **educar** ven do latín: **educere** que significa guiar co cal educar sería conducir ou guiar. Ou **educare**: que como significado ten, alimentar. Podemos definir **Educación** como encher o alumno/a de coñecementos e sacar adiante as súas potencialidades. Etimoloxicamente **Ensinanza** ven do latín **insignare** (in) e (signare), isto proven de **signum** cuio significado é sinal, indicación, marca.. Podemos dicir entón, que o seu significado de Ensinanza sería indicar o camiño a seguir.

Nalgún punto do camiño se mudou aquilo que era ensinar e educar por tentar en casos manipular e formar mentes en concepto precisos para a industrialización, que o mesmo tempo se agrupaban por idades eliminando o intercambio xeracional e alonxado do núcleo familiar que tomaba tamén camiños do desenvolvemento capitalista.

Animación do rural e “educación no fogar” no tempo da desertización.

Copyleft: Alicia González Barreiro

A escolarización obrigatoria aportou a formación de xeracións que vivían un paso de infantés a adultos de golpe, no que a adolescencia quedaba eliminada, mais, ¿agora é válida esta concepción de escola, nunha época de desarrollismo desmesurado e cabreo constante?

John Holt decía:

"Despois de todos os dereitos da vida, o mais fundamental de todos os dereitos humanos é o dereito a controlar a nosa propia mente e os nosos pensamentos"

Concordando con él, podemos pensar que é algo que na escola, dentro do termino aula quedou relegado á materia de turno.

O mesmo autor tamén ten na escrita que:

"A aprendizaxe non é produto da ensinanza. O aprendizaxe é o produto da actividade dos alumnos"

Na escola o que se lles ensina está dentro dos programas, aquilo que aprenden o fan por pouco tempo, son grandes memorizadores, algo que resulta aburrido, obrigado e en moitos casos serve para o esquecemento. Na casa por ser un espazo protector cunha familiaridade total é o espazo axeito de aprendizaxe no que o aquilo que se ensina, non se esquece, o igual que aquilo que se aprenden da cultura local do espazo da comunidade formará parte da impronta persoal.

A figura do profesor actual queda relegada a calificador, examinador, contribuínte de datos de cara os educandos, nun sistema de formación no que a familia non se implica, nin participa. Que os rapaces/zas sexan os que busquen un aprendizaxe e marquen os seus tempos e necesidades formativas, no que non existan calificacións numéricas que coarten e convertan os futuros individuos dunha sociedade en competitivos dende a infancia, detrás de pretender un falso fomento do traballo en equipa inexistente, dan unha visión dunha escola moi distante o que debe ser a educación.

Según Holt a escola só mete datos na cabeza dos cativos/as e manifesta:

"...A ansiedade dos nenos que se senten constantemente postos a proba, o seu medo o fracaso....reducen a capacidade tanto para percibir e recordar e lévaos lonxe da materia obxeto de estudo."

Animación do rural e "educación no fogar" no tempo da desertización.

Copyleft: Alicia González Barreiro

A escola mostra competitividade e loita por chegar a unha mellor posición de notas ante unhas instrucións maxistrais dun mestre.

Se a formación fora cara o cativo en sí, cara o seu propio desenvolvemento e cara as súas inquiredanzas como cativos/as:

“...mostraríanos unha pequena regresión o pasado cos cativos/as de aldea aprenden as cousas con só ollar os maiores, disfrutando do tempo compartido. É visible no desenvolvemento dos nenos/as a súa etapa dos: Por qué??? É que non mostra mais que a ansia por aprender, que avós e avoas respostan para cubrir a súa necesidade de saber, eles en grande parte non se formaron de mestre, e o son.”

(Constantino Glez. Fernandez)¹

O comezar o século XX a idea de que educación elemental debía ser universalizada, gratuíta e obrigatoria era xa algo aceptado, buscando un xeito de eliminar o analfabetismo e a necesidade de crear unha sociedade industrializada. Eliminábase deste xeito a educación só para as elites cultas de profesións liberais (cregos, administradores, estudosos). O mundo a mediados do século XX tiña unha situación de cara o ensino que se pode ler en diversos texto:

“A ensinanza para adultos do mesmo modo que para os nenos era xa a comezos do século una parte admitida dos sistemas educativos dos países occidentais. Habían xurdido en moitos países a mediados do século institutos de mecánicos como resposta ás exixencias da industrialización e, si ben estes centros habían perdido algo do seu auxe, estaban comezando a manifestarse movementos tendentes a instrución dos traballadores, en estreita relación coa crecente organización obreira.....”

(Caroline F. Ware, 1966)

Galicia vivía nos anos sesenta o paso dunha formación case autónoma, cun aprendizaxe da cultura básica unica á familia e á comunidade, con unha escolarización que viña unida a tempos de campo na formación nas UNITARIAS, con unha case inexistente adolescencia, xa que os cativos/as comezaban a ter empregos remunerados cara os 11 ou 12 anos, polo cal eran xa adultos para moitas labores.

¹ Antigo mestre de Unitaria, Director de Agurpación Escolar , na actualidade xubilado.

Escolas UNITARIAS dan paso ás AGRUPACIONES ESCOLARES, por iso pensar na desescolarización nos anos sesenta cando en Norteamérica era algo factible, eiqui era algo impensable. A modernidade era ser parte das novas agrupacións estendidas polo territorio. Un xeito de educar que mudaba o intercambio xeracional e daba paso a cambios de mestres de aldea a mestres de concentracións. Desertizando espazos e silenciando aldeas. Pasabamos de partillar coñecementos e cultura a encerrar mentes ou programalas en materias.

Arredor de 2000 familias están a educar na casa na actualidade ², consideran que tamén é un aliciente para a constante formación dos pais;, adultos que deben ser o mesmo tempo adoutrinadores. Non creen na educación compartimentada en asignaturas de 50 minutos, ollan no xogo unha parte de aprendizaxe importante, os cativos/as non sofren stres de datas de entregas de traballos e exames, aprenden o seu ritmo a través da súa curiosidade.

España toma contacto con este xeito de educación en 1990 cando xa en Ameira tiña unha singradura importante, a consciencia dun novo estilo de vida alternativo con todas as súas consecuencias case sempre ollando a terra o campo como futuro é o alicerce. Os espazos rurais e en comunidades, coa conciencia da busca do coidado o medio natural, polo que as familias que adoptan este tipo de educación adoitaron ter un ollar distinto a aquilo que nos converte en consumidores: partos naturais, amantes da comida natural o que moitos coñecementos como “MOVEMENTOS ALTERNATIVOS RURAIS”, e que debemos dicir que non é precisamente en Galicia onde mais seguidores contempla, mostra delo é a desertización do territorio rural. Estas familias³ son críticas coa escola oficial, e dicir non están en contra da escola, mais si da masificación, de pensamentos educativos que consideran que non evolucionaron senón que involucionaron. Recoñecen na escola unha institución cun valor importante en España en certos momentos históricos, non estando en contra da mesma, están a favor da forma que eles escollen de educar seguindo os métodos de Holt unido a actividades extraescolares e culturais.

En xaneiro de 2012 uns pais de **Rairiz de Veiga** chegados do País Vasco, deciden que os seus fillos de 6 e 7 anos deixen de asistir o colexio e que a responsabilidade de educar sexa deles, como se constata en artigo de prensa:

“Os rapaces estaban perdendo a motivación e por eso o decidimos”

² Dato da Asociación da libre educación

³ Facemos referencia a todos os formatos de familias coñecidas na nosa sociedade.

Animación do rural e “educación no fogar” no tempo da desertización.

Copyleft: Alicia González Barreiro

Optan por educar na casa e os pequenos están matriculados a través dunha academia dos Estados Unidos, realizan a súa avaliación vía internet, teñen materiais didácticos na rede e tamén teñen materias extraescolares. A Fiscalía considerou un delito de abandono escolar, pero o caso é que sentan precedente pois eles están a cumprir xa que S.S. consideran que a familia está implicada no proceso de aprendizaxe dos pequenos, que o espazo de estudo está acondicionado e os rapaces levan a súa formación de xeito constante e normalizado. Está sentenza senta precedente en 2015.

A estes sabemos que en Ourense existen mais familias neste intre adoptando este tipo de formación, en Castro Caldelas e Allariz tamén familias coa decisión sopesada que consideran que fronte o adoutramento dos colexio eles apostan por fomentar o intres dos cativos/as que sempre quere saber e aprender.

A maiores unha das queixas que sempre se da a este tipo de formación é a falta de socialización, nembargante estes rapaces asisten a actividades extraescolares que lle proporcionan amigos.

Temos experiencias anteriores de formación en Desescolarización con cativos/as pre-escolares, que obtiveron bos resultados na Galicia rural, o programa de Pre-escolar na casa (que foi un referente), tiña tamén unha formación comunitaria para cativos nos que a través dun dinamizador, pais e comunidade formaban os pequenos/as de entre 3 e 6 anos que non asistían as aulas de formación formal e como mecánica de adaptación para o seu ingresos tiña as pautas que tamén dirón lugar a un programa de televisión.

Esta idea xurdida dun crego de Aldea: “Antonio Gandoy”, fomentaba a cooperación familiar cun proxecto que achegaba se achegaba as familias. Na actualidade e rematadas as axudas da Unión Europea, continúan a súa labor como Asociación socio-educativa (ANTONIO GANDOY) en Concellos de Lugo, presentando os seus proxectos a entidades locais, baixo a unión como socios/as dalgúns daqueles primeiros dinamizadores da actividade.

Ou a proposta feita por “O Pelouro”, unha formación alternativa para rapaces con capacidades distintas no que a actividade se rixe e programa baixo o seu consenso e supervisión dos educadores, mestres.

Si estes rapaces/zas queren nalgún intre introducirse na educación formal ou seguir unha carreira Universitaria, a realidade é que poden acceder o ensino regrado despois de ter soportado trabas legais e burocracias, controis realizados por servizos sociais, orientadores, etc, mais os acceso previstos son:

Animación do rural e “educación no fogar” no tempo da desertización.

Copyleft: Alicia González Barreiro

- Esperar a ter 15 anos e incorporarse a sacar 4ª da ESO
- Esperar os 17 e presentarse as probas de acceso os módulos de F.P. ou Grado medio
- Os 18 presentarse as probas libres para obter o Graduado da ESO
- Facerse un lince no Inglés e preséntate as probas de acceso a dunha Universidade Británica ou Española.
- Estudiar mediante un centro estranxeiro a distancias (USA), algúns teñen un programa para hispanos, despois homologas o título (co Convenio de Haya).

4.- ANIMAR E DINAMIZAR A CULTURA RURAL COS MOVEMENTOS ALTERNATIVOS.

O rural non é proclive a reclamar a facer ruído que chegue os estamentos gubernamentais e pola situación de desertización non mobiliza a un grande número de poboación; por unha cousa ou por varias os espazos de aldea teñen sido esquecidos e mentras ollamos como os espazos rurais se desertizan de xeito continuado dende os anos 60, na actualidade chega a ser un continuo problema para Concellos e pequenos municipios, nos que os artigos e noticias de prensa dan sinais de alarma:

“Si continúa o recorte do profesorado nos colexios públicos do medio rural, la xente xoven non vai a quedarse cos sus fillos nos pobos. É o mesmo que pechar os centros de saúde”

(Huete, 2012)

Non quita, que unha mostra de cambio de paradigma en xeito moi reducido tamén se está a dar, cunha visión distinta de cara a unha “nova ruralidade”. Os novos habitantes do rural ollan ás aldeas non só como recurso ante a crise e refuxo da mellora dunha situación de precariedade ante hipotecas e gastos que nos espazos urbanos son constantes e dan nun consumismo e incomunicación total; tamén como unha viraxe da sociedade actual, unha volta das familias que toman a alternativa de achegarse o rural o sector base; e traer un futuro no que os os cativos/as son seran futuros dinamizadores.

Os movementos alternativos para a educación como a “desescolarización” dos cativos/as, leva aparelladas familias que consideran e crean oportunidades de futuro no mundo rural, dinamizando espazos esquecidos con Turismo alternativo, casas de turismo rural, agricultura ecoloxica,

Animación do rural e “educación no fogar” no tempo da desertización.

Copyleft: Alicia González Barreiro

protección de animais , etc.

Casos de persoas moitos deles profesionais, que astiados, cansados ou como recursos deciden regresar ou coñecer outros xeitos de vida; como pode ser o caso dos compoñentes da asociación **ANDREA** que se atopan no Rexo (Ourense), que deciden pouco a pouco habitar o rural, como na aldea de (San Salvador dos Penedos), pequena aldea galega que apesar de atoparse preto a Vila principal, non foi allea a desertización e o abandono, ata que chegou unha familia que ollou non rural un futuro, e ese futuro preto a unha alternativa distinta, a unha volta do decrecemento. Un animal que paseou en tempos os mesmo terreos e que foi esquecido, o burro, foi o motivo de ollar cara ese espazo como lugar axeitado para albergar e traballar con estes animais, non son na propia defensa do mesmo, que en moitos casos quedaban desatendido pola situación de desamparo dos seus donos que cumplían anos e deixaban de empregalos para o traballo na agricultura, levando arrados e pesos; senon, para traballar con estes animais como recurso de mantemento.

Nesta asociación acercan e tratan de cara a distintas problemáticas psicolóxicas nas que o animal resulta efectivo, como na axuda a cativos/as autistas ou persoas con capacidades distintas. Unha das persoas que traballa nesta asociación en espazo rural, psicóloga na súa formación o que lle permite ter unha visión do beneficio e axuda que estes animais poden facer e favorecer; mellorando a calidade de vida, a relaxando, na procura dun aire distinto e unha actividade e comunicación preto da terra.

A mesma asociación complementa todas as súas actividades de maneira transversal, facilitando un turismo alternativo para familias, proporcionando formacións, e realizando cosmetica natural unida os burros, xa que son coñecidos os seus xabóns naturais de “leite de burra” como beneficiosos para a pel (Podese coñecer o seu funcionamento seguindo a súa páxina na rede “andreaasociacion.org.”)

Ademais de achegarse a espazos da comunidade galega que en moitos casos estarían deshabitados e esquecidos as experiencias que estes novos profesionais aportan con unha dinamización do rural, dan vida e cultura a novas xeracións e conservan o antigo da cultura destes lugares.

Os novos xeitos de educar e formar nos espazos rurais como “Educar na casa” son ademais de motivo de controversión un claro motor de dinamización destes espazos, e dan unha visión de posible recurso de vida.

Observamos un pequeno auxe deste tipo de alternativas de vida e formación, lonxe do que se pode pensar, as persoas que deciden levar adiante este tipo de proxectos, son persoas preparadas na formación formal e que recibiron unha formación regrada e o que a poboación considera normalizada; mais agora na educación dos seus fillos/as conciben prioritaria a educación non

Animación do rural e “educación no fogar” no tempo da desertización.

Copyleft: Alicia González Barreiro

formal, a valia das aprendizaxes, o recoñecemento dos espazos por encima dos encadramentos de asignaturas, materias e horarios.

En Galicia recordase a comuna de hippy no embalse das Grandas no limite entre Galicia e Asturias que nos anos 70, deron vida á aldea abandonada, vivindo do autoconsumo, realizando a súa formación; aquela experiencia ten herdeiros en Ernes onde aínda sobreviven con traballos artesanais, con agricultura ecoloxica, con bioconstruccions ecoloxicas e que para moitos seguen a gardar o nome de hippy que non deixan de ser alternativos. Doutras xeitos, mais preparados, mellor comunicados, coa facilidade dos medios tecnolóxicos a mestura de “nova ruralidade” con unha educación valorada de xeito distinto, con medios tecnolóxicos o que facilitan e axudan no contacto a nas aprendizaxes, dan lugar a novas alternativas de animación e cultura en espazos rurais.

Os maiores da aldea consideran con cariño a labor que realizan estes alternativos, algúns non deixan de predecir que a sociedade os a de fagocitar, pero incluso continúan en moitos pasos a visión destas novas ruralidades que animan a conservar e rehabilitar para non deixar caer, e sen vida estes lugares de cultura. Dar vida e mellorar espazos que se convirten en terreos de retorno para emigrantes, ou espazos vacacionais o lado daqueles que o toman como alternativa de vida que os leva a un decrecemento que aproxima a terra e alonxa en parte do capital en definitiva que “DINAMIZA”

5.- CONCLUIMOS.

Empregando unha frase doutro pedagogo coñecido e coetáneo en tempo a Holt:

“... a elite dominadora organizándose estrutura cada vez mais o seu poder co cal codifica e domina en forma mais eficiente...”

(Freire,2013,pax.181)

A información e formación que se obtén na escola, vai en moitos casos de xeito curricular adoutrinando nas políticas e necesidades creadas pola sociedade, vai detrás da realidade, da necesidade e curiosidade dos cativos/as, tendo na actualidade o medios tecnolóxicos “a rede, os medios de comunicación” o os medios básicos e imprescindibles “a convivencia familiar e coa comunidade”, como un soporte formativo básico para o enriquecemento persoal.

A Educación no fogar é factible e posible chegando a ser unha opción a escoller, se os proxenitores

Animación do rural e “educación no fogar” no tempo da desertización.

Copyleft: Alicia González Barreiro

se atopan coa capacidade e os mestres e entes chegan a adaptarse a unha formación formal que adopte facetas da dinamización e animación que outras áreas da educación a non formal e informal xa teñen tomado, eliminando en moitos sentidos as trabas da escola como illantes.

A educación no fogar, vai con moitos casos de xeito conxunto coa dinamización dos espazos rurais, cunha vinculación na decisión de educar na casa coa de acercarse a terra e o primario.

6.- BIBLIOGRAFIA.

- Caroline F. Ware, K. P.** (1966). HISTORY OF MANKINH. CULTURAL AND SCIENTIFIC DEVELOPMENT (1981 ed.). Barcelona: Planeta. (Historia da Humanidade)
- FREIRE, P** (2012) PEDAGOGIA DEL OPRIMIDO (1970.Ed). Madrid: Siglo XXI
- FRUTOS, F. G.** (27 de FEBREIRO de 2015). EDUCAR NA CASA. La región.
- HOLT, J.** (1969) EL FRACASO DE LA ESCUELA. Alianza editorial S.A. (1977) Madrid

7.- WEBGRAFIA

<http://welivelearning.blogspot.com.es/2013/09/recopilacion-de-mis-articulos.html> (recuperado 11/11/2015)

<http://www.johnholtgws.com/gws-youtube-channel/2015/6/24/john-holt-interviewed-in-pullman-wa> (recuperado 11/11/2015)

<http://www.crecersin escuela.org/socializaci%C3%B3n> (recuperado 11/11/2015)

<http://www.aprendecon alas.com/2011/08/una-conversacion-con-john-holt-entrevista-1980.html> (Recuperado 13/11/2015)

<http://lagranguiadelaeducacioninfantil.com/tribu-2/> (recuperado 3/12/2015)

<http://educacionlibre.org/wordpress/> (recuperado 4/11/2015)

<http://www.paideiaescuelalibre.org/search/47-el-fracaso-de-la-escuela.html> (Recuperado 4/11/2015)

<http://antoniogandoyeducacion.blogspot.com.es/> (recuperado 13/11/2015)

<http://campusaprendecon alas.com/> (recuperado 15/11/2015)

<http://encina.pntic.mec.es/jcac0007/enlaces.htm> (recuperado 3/12/2015)

COMO CITAR ESTE ARTÍCULO: González Barreiro, Alicia ; (2016); Animación do rural e “educación no fogar” no tempo da desertización.; en <http://quadernsanimacio.net> ; nº 23, enero de 2016; ISSN: 1698-4404

Animación do rural e “educación no fogar” no tempo da desertización.

Copyleft: Alicia González Barreiro